



Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN CELEBRADA O 10 DE FEBREIRO DE 2022

Sendo ás 20:00 horas do día 10 de febreiro de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Lois García Carballido, reúnese en primeira convocatoria o Pleno da Corporación, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

ASISTENTES:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE

D. Xosé Lois García Carballido

SRES.CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Polo PSdeG-PSOE:

D^a. M^a. Noelia Varela Suárez

D^a. María Teresa Chouciño Calvete

Polo Partido Popular, PP:

D^a. Marta María Carrillo Aguiar

D^a. Ana María Vecino Santiago

Por APIN-SON Ponteceso:

D. José Manuel Pose Verdes

D. Marco Antonio Varela Vidal

Concelleiros/as non adscritos/as

D. Miguel Ángel González Gómez

D. Faustino Santiago Lema

D. Salvador Eiroa Ameijenda

D^a. Raquel Fondo Pérez

D^a. Ana Pérez Imia

D. Jesús Daniel García Cotelo

SRES.CONCELLEIROS/AS AUSENTES:

SECRETARIA: D^a. M^a. CRISTINA VARELA GARCÍA, secretaria-interventora do Concello de Xermade, en réxime de acumulación de funcións na Secretaría do Concello de Ponteceso

INTERVENTORA: D^a. LUCÍA MATA RODRÍGUEZ

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión.

O Sr. Santiago Lema trasládalle á secretaria unha moción en formato papel.

A continuación procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican de seguido:

PARTE RESOLUTIVA

1º. Aprobación “ope legis” da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria do 02-12-2021.

O Sr. Alcalde presunta se algún membro da Corporación quere realizar algunha observación.

Non se producen observacións.

Sométese a votación a aprobación da acta e aprobanse por cinco votos a favor (3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP) sete abstencións (5 Non adscritos e 2 G.M. APIN) e ningún voto en contra.

2º. Investimentos financiados co POS+2022, Fondo de Compensación Ambiental, convenio con SOGAMA e remanente líquido de tesouraría.

Pola presidencia expónse a proposta da Alcaldía, ditaminada pola Comisión Especial de Contas, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: investimentos financiados co POS+2022, Fondo de Compensación Ambiental, convenio con SOGAMA e remanente líquido de tesouraría.

Compre mobilizar tódolos recursos que se prevea que estean dispoñibles ao longo do ano 2022, nomeadamente: A Achega 2021 e o Plan Complementario do POS+, o Fondo de Compensación Ambiental, un convenio con Sogama por 150.000 euros, o remanente positivo de tesouraría para gastos xerais que poidan resultar da liquidación do exercicio 2021, os fondos propios dispoñibles e reactivar unha solicitude dunha nominativa á Deputación da Coruña, para conseguir os 2 millóns de euros necesarios para este acordo de obras, todas elas decididas polos grupos da Corporación na oposición.

Polo anterior, esta Alcaldía presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

1. **Solicitar** á Deputación Provincial de A Coruña que a Achega provincial 2021 do POS+2022 se adique ao proxecto denominado <<Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)>>. O proxecto ten un importe de orzamento de contrata de 234.735,73 € e foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, C. E P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992.
2. **Solicitar** á Deputación Provincial de A Coruña que o Plan Complementario do POS+2022 se adique ao proxecto denominado <<Novo colector da intercepción da rede de pluviais en Ponteceso e Mellora da drenaxe do xuncal>>. O proxecto ten un importe de orzamento de contrata de 233.892,93 € e foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, C. E P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992.
3. **Propoñer** a SOGAMA a modificación do obxecto do convenio de cooperación subscrito entre o Concello de Ponteceso e a Sociedade Galega de Medio Ambiente para a realización de obras relacionadas co medio ambiente na contorna do concello coa finalidade de adicar os 150.000,00 € contemplados no mesmo á primeira fase do saneamento de Anllóns Grande.
4. **Solicitar** á Xunta de Galicia unha subvención con cargo ao Fondo de Compensación Ambiental 2022 para as seguintes finalidades: Mellora das depuradoras de Ponteceso, eliminación dos cheiros dos lodos, e Pazos (Ameixenda) coa mellora da depuración, segundo establece a *ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2022, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D).*
5. **Asumir** o compromiso de adicar a contía positiva do remanente de tesouraría para gastos xerais que poida resultar da liquidación do exercicio 2021 ás seguintes actuacións: 1) Beiravías de Pazos dende a entrada do núcleo ao cruce que vai a Casas do Monte e Xornes, con servizos, 2)

Abastecemento de Langueirón, 3) Saneamento de Carballido, 4) Abastecemento e saneamento da Bouza e Lestimoño (a parte que non financie Augas de Galicia), 5) Mellora das pistas das parcelarias de Cores-Nemeño, e Pazos. O cumprimento deste requisito queda condicionado ao cumprimento previo de tódalas prescricións legais aplicables, ás instrucións que emita ao respecto o Ministerio de Facenda e a Consellería de Facenda e á fiscalización favorable da Intervención municipal.

6. **Asumir** o compromiso de, previa tramitación do expediente que no seu caso proceda, dotar o crédito necesario para executar o estudio contratado, para a adquisición dos terreos do Parque Bouzas I no centro de Ponteceso.
7. **Asumir** o compromiso de reactivar a solicitude dunha subvención nominativa, aprobada en Pleno, para o proxecto denominado <<Mellora dos camiños do núcleo dos Ánxeles e outros>>. O proxecto ten un importe de orzamento de contrata de 159.999,99 € e foi redactado polo enxeñeiro de Camiños, C. E P., Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992. A subvención solicitada ascende ao 80% do importe do citado proxecto polo que este compromiso implica dotar, previa tramitación do expediente que no seu caso proceda, o crédito correspondente á achega municipal e que ascende ao 20% do total do proxecto.

Ponteceso, 2 de febreiro de 2022
O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Sra. Pérez Imia incorpórase á sesión.

A Sra. Carrillo Aguiar di que cada día o alcalde sorprende poñendo ao concello en situacións kafkianas. Está en minoría e hai que lembrarllo. Nun medio de comunicación publicáronse unhas obras que non sei como sabe que eran as propostas polo PP porque non se reuniu con ela. O proxecto que propuxo o PP para o Xuncal é outro, pois este que trae nada ten que ver co deles. O alcalde di que adica ás pluviais de Ponteceso 239.892,93 euros no complementario, pero non sabe cando van vir eses cartos, e sendo optimista virá un 30%, polo que parece difícil que se vaia facer esta obra. Éstalle mentindo aos veciños e non lle importa facer ou non esa obra, ata que volva haber problemas. Antepón a adquisición de terreos a dar solución ao saneamento do Xuncal. Pregunta se ten falado coa veciñanza para conseguir os terreos necesarios para facer as beiravías en Pazos. Fóra do casco urbano ten que meterse nas fincas da veciñanza e non falou con eles. Esixe que o alcalde lle responda a estas preguntas. Ningún cre que se poda gastar esa cantidade do remanente. Ten que prever o pago a provedores e máis asuntos do xulgado que vai ter que pagar.

O voceiro de APIN quere que se aclare de que están falando: se vai votarse esta proposta. Quere que llo aclaren a secretaria e a interventora.

O alcalde lembra que xa lle responderon a esa pregunta na comisión e el estaba presente.

O Sr. Pose Verdes afirma que o importe do remanente vai variando en función da duración do POS. Sinala que as obras propostas polo seu grupo e o PP son obras de urxencia. O difícil de explicar é a noticia de hoxe no xornal. O alcalde ten que dicirle á xente que este 1,1 millón de euros no remanente non é tal porque se deben moitos cartos, alomenos 700.000 ou 800.000 euros en facturas. Esas obras non se van poder facer a menos que se pida un préstamo. Acusa ao alcalde de volver a empufar ao concello nun millón de euros para convencelos de que é necesario aprobarlle o POS. Leva dous meses e medio aprobado o POS e intenta facer un amago de chegar á acordos, pero á súa maneira. Escolliu dúas obras e fixo os dous proxectos do PP.

A Sra. Carrillo Aguiar nega que así sexa.

O Sr. Pose Verdes responde que é unha forma de falar. Do resto das obras o alcalde fixo unha valoración e ponlles a escopeta para que aproben o POS. Vanse abster neste punto porque non saben o que se vai votar. Non están en contra do POS, polo tanto non votan en contra, pero tampouco a favor porque se estarían enganando.

O Sr. García Cotelo di que non está claro o que van facer. Como non foi á comisión informativa van ter que explicarllo. O alcalde mete o POS + 2022 neste punto, pero tamén vai no seguinte. Acusao de disparar con pólvora allea, non está propoñendo nada. Non comprende o que está facendo.

A voceira do PSOE pide o apoio do pleno, non só como voceira socialista senón tamén como veciña, polo ben da veciñanza de Ponteceso.

O alcalde di que vai someter a votación o ditame. Ao ler a parte resolutiva, aclara que o saneamento de Lestimoño e Carballido ten que facelo a Deputación coa obra da senda, non pode meterse no POS.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: cinco (3 do G.M. PsdeG-PSOE e 2 G.M. do PP)

Votos en contra: seis (concelleiros/as non adscritos(as))

Abstencións: dúas (G.M. APIN)

Queda rexeitado o ditame.

3º. Bonificación de ICIO a favor de Vivir Amodiño SL. Expediente núm. 2022/X999/000044

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Especial de Contas, que no seu literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto o expediente número 2021/U022/000004 denominado LICENZA DE EDIFICACIÓN REHABILITACIÓN DE VIVENDA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA COMPLEXO DE TURISMO "HOTEL DA NATUREZA" VIVIR AMODIÑO S.L no que consta a solicitude de bonificación formulada o 14.01.2022 (20229990000055) por Rafael Varela Amado, Administrador solidario de VIVIR A MODIÑO, S.L. (Escritura de constitución de sociedade de responsabilidade limitada de 03.02.2021).

Visto o artigo 5.2.c) da Ordenanza Fiscal núm. 3, reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) o cal dispón que:

“Terán dereito a unha bonificación de ata o 95 por cento na cota do Imposto as construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta medida, que será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique a creación de emprego, se aplicará dacordo cós seguintes tramos:

- Ata o 95 por cen pola creación de máis de 20 postos de traballo
- Ata o 75 por cen pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Ata o 50 por cen pola creación de ata 10 postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación no momento da solicitude de licenza ou presentación da declaración responsable ou comunicación previa, achegando un compromiso do número dos novos postos de traballo que se vaian crear.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. No caso de comunicación previa ou declaración responsable, este prazo computarase dende a data que o beneficiario sinale como de finalización das obras na súa declaración ou comunicación. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Corresponde ao Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal e o outorgamento das anteriores bonificacións, que se acordará previa solicitude do interesado, presentada con anterioridade á realización do feito impoñible"

Visto o informe emitido o 24.01.2022 por Ernesto Fernando Calvo Pérez, Enxeñeiro de Edificación e Arquitecto Técnico dos Servizos Técnicos Municipais do Concello de Ponteceso no que se avalían as cuestións técnicas e se fixa en 432.533,67 € o importe do Orzamento de Execución Material da obra a realizar.

Visto o informe de intervención referencia LMR LIQUIDACIÓN ICIO. 2021/U022/000004 emitido o 25.01.2022 no que se fai constar que:

"...

X*.a: O 14.01.2022 (núm. de rexistro de entrada 20229990000055) o suxeito pasivo presenta solicitude de bonificación do ICIO alegando a creación de 4 postos de traballo. Non procede, neste momento procedimental, aplicar a bonificación solicitada xa que ao abeiro do artigo 5.2.c) da OF número 3 é preceptivo que:

1.-achegue documentación xustificativa de que se trata da implantación dunha nova actividade económica ou empresarial ou ben dunha ampliación das instalacións existentes.

2.-achegue un compromiso do número dos novos postos de traballo que se vaian a crear. O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

3.- a declaración de especial interese ou utilidade municipal se someta á consideración do Pleno do concello dado que o outorgamento da bonificación é da súa competencia.

..."

Vista a documentación presentada o 27.01.2022 (núm. de rexistro de entrada 20229990000123) a cal completa a solicitude de bonificación formulada o 14.01.2022 (núm. de entrada 20229990000055) por por Rafael Varela Amado, Administrador solidario de VIVIR A MODIÑO, S.L. (Escritura de constitución de sociedade de responsabilidade limitada de 03.02.2021).

Por todo o anterior, **PROPOÑO** ao Pleno:

1.- Declarar de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifican tal declaración, as instalacións, construcións e obras as que se refire o expediente número 2021/U022/000004 denominado LICENZA DE EDIFICACIÓN REHABILITACIÓN DE VIVENDA E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN PARA COMPLEXO DE TURISMO "HOTEL DA NATUREZA" VIVIR A MODIÑO S.L.

2.- Conceder, ao abeiro do artigo 5.2.c da Ordenanza Fiscal núm. 3, reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) e dacordo coa solicitude formulada o 14.01.2022 (20229990000055) e completada o 27.01.2022 (20229990000123), unha bonificación do 50% na cota tributaria do ICIO a satisfacer polo obrigado tributario VIVIR A MODIÑO S.L. no expediente número 2021/U022/000004.

3.- Comunicar a VIVIR A MODIÑO S.L. que o emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade. Esta circunstancia deberá ser acreditada ante os servizos urbanísticos no prazo máximo de 1 mes dende o outorgamento da licenza de primeira ocupación coa presentación dos contratos de traballo e as altas na seguridade social dos novos postos de traballo creados. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde.

Xosé Lois García Carballido."

A Sra. Carrillo Aguiar di que o seu grupo está a favor da creación de emprego e da instalación de empresas, por eso non se van opoñer.

O voceiro de APIN declina intervir neste punto.

O Sr. García Coteló di que hai unha moción presentada pedindo a rebaixa do IBI e ICIO no pleno. Non entende porque se rebaixa selectivamente a esta empresa e a un veciño que ten que retellar o cabanote non. Pregunta ao alcalde porque non trae a moción ao pleno?

O alcalde di que van propoñer ao pleno as modificacións de IBI, IAE e ICIO polo convenio "Doing business" da Xunta de Galicia.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: sete (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 2 do G.M. APIN)

Votos en contra: un (Sr. García Coteló)

Abstencións: cinco (Sr. Santiago Lema, Sra. Fondo Pérez, Sr. Eiroa Ameijenda, Sr. Gómez González e Sra. Pérez Imia).

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

4º. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022"

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022"

A Deputación Provincial de A Coruña aprobou Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022 cós obxectos: gasto corrente, realización de investimentos, redución de débeda do concello con entidades financeiras e gastos sociais.

Ao Concello de Ponteceso lle corresponden 537.625,78 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:

- achega provincial 2022: 212.554,42 €
- achega provincial 2021: 234.735,73 €
- préstamo provincial 2022: 15.941,58 €
- achega provincial POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios: 74.394,05€

Visto que prazo de solicitude do POS + 2022 remata o 11.02.2022 ás 15:00 horas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A)) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	212.554,42 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00

Subtotal gasto corrente	212.554,42 €
--------------------------------	---------------------

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto)	234.735,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	234.735,73 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	234.735,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	234.735,73 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas

C) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00*

*o único préstamo en vigor non cumpre os criterios POS+ 2022 polo que non se pode solicitar este tramo de axuda.

E) Resumo:

SUBTOTALS		Deputación	Concello			Total
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	212.554,42 €				212.554,42 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021	234.735,73 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	234.735,73 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	Achega 2022	212.554,42 €				212.554,42 €
	Achega 2021	234.735,73 €				234.735,73 €
	Préstamo 2022	0,00 €				0,00 €
	TOTAL	447.290,15 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	447.290,15 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Novo colector de intercepción da rede de pluviais en Ponteceso e mellora da drenaxe do Xuncal	233.892,93 €		233.892,93 €
TOTALS	233.892,93 €		233.892,93 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Xosé Lois García Carballido”

Aberta a quenda de intervencións, a voceira do PP cita a Abraham Lincoln, quen dixo que *“para coñecer a unha persoa non hai máis que darlle poder”*, e o alcalde ten poder e o que fai é mentir, prometendo cousas que non van a vir. O PP non quere que se perdan os cartos dos veciños e por ese motivo vai votar que sí.

O Sr. Pose Verdes di que no primeiro punto votouse que non se quere o POS, e o alcalde segue sen explicar o que se vai votar. Cita a unha escritora, Irene Vallejo, que é filóloga e escribe artigos no xornal El País. Unha persoa mandoulle este recorte e vaino ler porque lle apetece:

“Eliximos aos nosos gobernantes para que cambien a realidade, peor moitas veces son eles os que cambian. A transformación dos políticos, debido ao éxito e á adulación do círculo cercano, foi descrita como enfermidade profesional. Un neurólogo e ex ministro inglés numerou os síntomas desa doenza: alonxamento da realidade, exceso de confianza, linguaxe mesiánica, convencemento de estar na senda da verdade e non ter que rendir contas ante a opinión pública senón ante a historia con maiúscula. Este mal denomínase en linguaxe clínica “síndrome de Hybris”. Hybris é unha palabra grega que significa arrogancia en exceso. O termo describía unha paixón violenta inspirada pola diosa da obcecación ata que arrastraba aos heroes e aos poderosos a avasallar ao veciño. Para a mentalidade clásica, a prudencia era a virtude intelectual necesaria para adoptar a propia actuación á invariable complexidade das circunstancias. Os antigos dirían que os gobernantes empezan a ser perigosos cando lles causa terror recoñecer un erro”.

Continúa o Sr. Pose Verdes lembrándolle ao alcalde que incluso o Rei emérito recoñeceu un erro, mentras el segue erre que erre ofrecendo cartos á oposición coma se foran seus. Outro negociaría en pé de igualdade pero el non, faino con superioridade. Xa o ano pasado fixo o mesmo. Desta vez a palabra é ofrecer, pero tendo 3 votos de 13 non ofrece (faríao se tivera 7 de 13). Teñen que confiar na súa palabra. As obras son urxentes. APIN quería facer unha proposta de obras para o POS pero só teñen 2 votos, polo que pide ao resto da Corporación que os apoie. Dille ao alcalde que lle conte aos veciños de onde vai sacar os cartos para as obras: dun préstamo, coma Fondo. Van presentar unha proposta para o POS: se os non adscritos propoñen o abastecemento de Lestimoño, APIN tamé propón esa obra e outra do PP. Quere aclararlle á voceira do PP, polo que dixo o outro día na radio, que ninguén sabe máis ca el desas inundacións porque leva 66 anos no pobo e naciu no Xuncal, na praza do Recheo. Nos invernos alí había unha inmensa lagoa, que foron ocupando os veciños con edificacións. Cando estivo no goberno encargou un estudo a unha enxeñaría.

O Sr. García Cotelo pregunta que cantidade lle asigna este ano o POS a Ponteceso. Ante a falta de resposta, dando por boa a cantidade de 449.290,15 euros, vaia matraca levan na prensa porque falan de

2.300.000 euros. Aos non adscritos fálalles un voto para ter 7 e aprobar ese POS, e pídelle o voto ao alcalde.

A voceira do PSOE di que ella non trouxo o Quijote para ler, pero como voceira socialista e como veciña de Ponteceso pide o apoio da Corporación para que a veciñanza non quede un ano máis sen POS.

O alcalde di que antes de someter a votación o ditame da comisión informativa, hai presentada unha proposta por parte dos 6 concelleiros non adscritos para adicar o POS a un proxecto de abastecemento e saneamento en Lestimoño e A Bouza. Suponse que é do que falamos na comisión informativa e nas reunións coa oposición. Vailla dar a palabra á secretaria para que asesore sobre a posibilidade de someter esa proposta a votación.

A secretaria reitera o que xa explicou na comisión informativa a raíz dunha intervención do Sr. Pose Verdes e que consta na acta: entres as funcións que lle atribúe a normativa está a de comprobar que os expedientes administrativos están completos antes da convocatoria do órgano colexiado competente (que lle corresponde ao alcalde), neste caso o Pleno da Corporación. Hai un único expediente tramitado para o POS+2022, que foi a proposta da Alcaldía ditaminada na comisión informativa o pasado 07-02-2022, con todos os informes técnicos, da Secretaría e da Intervención municipais. Non pode votarse unha proposta distinta porque non hai expediente, e cando non hai expediente, de someterse a votación estaríamos diante dun acordo nulo de pleno dereito por omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido. Díxoo na comisión e reitérao aquí por se quedara algunha dúbida.

Non se producen máis intervencións.

O alcalde manifesta que vai someter a votación o ditame.

A Sra. Carrillo Aguiar pide a palabra por alusións.

O alcalde di que non fixo alusión a ninguén e somete a votación o ditame.

O Sr. Pose Verdes pide a palabra, por favor.

O Sr. Alcalde dille que cando se somete a votación non se pode interrompir e failla unha advertencia.

O Sr. Pose Verdes persiste no intento de tomar a palabra.

O Sr. Alcalde failla unha segunda advertencia e indícalle que unha terceira chamada á orde implica a súa expulsión.

O Sr. Pose Verdes pregunta se o quere botar e dille que se é feliz botándoo...

O Sr. alcalde fai unha terceira advertencia e ordénalle que abandone a sala de sesións. Chama á Policía local para que o acompañe.

O Sr. Santiago Lema di que esto está pactado totalmente.

O Sr. Pose Verdes érguese dicindo "viva la madre superiora" e pide que o vaian buscar porque lle doe moito unha perna.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 1 do G.M. APIN)

Votos en contra: seis (concelleiros/as non adscritos/as)

Abstencións: ningunha

De orde do Sr. Alcalde, a secretaria proclama o resultado. Señala que ao producirse un empate, debe votarse de novo, consonte ao artigo 100.2 do RD 2568/1986 (ROF).

Repítese a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 1 do G.M. APIN)

Votos en contra: seis (concelleiros/as non adscritos/as)

Abstencións: ningunha

O alcalde desfai o empate empregando o seu voto de calidade, consonte ao artigo 100.2 do RD 2568/1986 (ROF), quedando aprobado por sete votos a favor, seis en contra e ningunha abstención.

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

5º. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

"PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL POS+ADICIONAL 1/2022 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

A Deputación Provincial de A Coruña aprobou Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2022 cós obxectos: gasto corrente, realización de investimentos, redución de débeda do concello con entidades financeiras e gastos sociais.

Ao Concello de Ponteceso lle corresponden 537.625,78 €, os cales se financian coas seguintes achegas e importes:

- achega provincial 2022: 212.554,42 €
- achega provincial 2021: 234.735,73 €
- préstamo provincial 2022: 15.941,58 €
- achega provincial POS+ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios: 74.394,05€

Visto que prazo de solicitude do POS + 2022 remata o 11.02.2022 ás 15:00 horas.

Por todo o anterior, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2022**" da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+Adicional 1/2022	74.394,05€
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	74.394,05€

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)</p>			
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €</p>			

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas</p>	400.196,15	234.645,24	165.550,91
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios			
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	400.196,15	234.645,24	165.550,91

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades</p>			
<p>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>			
<p>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios</p>			
<p>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTOS</p>			
<p>T O T A L</p>	<p>400.196,15</p>	<p>234.645,24</p>	<p>165.550,91*</p>

* Desta cuantía se solicita á Deputación Provincial de A Coruña a cantidade de 74.394,05 €.

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O Alcalde

Xosé Lois García Carballido"

A Sra. Carrillo Aguiar di que a ver se é certo que se dan eses servizos de perruquería e podoloxía, porque a empresa que o presta non o está facendo. A prioridade do PP son os veciños e eles queren que veñan eses cartos para Ponteceso.

O concelleiro de APIN Sr. Varela Vidal quere aclarar , xa que non deixou falar antes, que unicamente ían pedir un receso e que o seu voto non é para apoiar ao alcalde, porque non busca consenso ningún e fai o contrario do que falan nas reunións, pero el ten os seus principios e pensa que o pobo non pode quedar sen estes cartos. Cre que pedir un receso non é motivo para expulsar a ninguén, di que non son formas.

O Sr. García Cotelo pregunta se os 73 mil e algo que pon aquí é o correcto. Entendo que é así, di que o triste desto...

O Sr. Santiago Lema fai un comentario.

O alcalde chámalo á orde por primeira vez, dille que está no uso da palabra o Sr. García Cotelo.

O Sr. Santiago Lema pregunta se non pode nin tusir.

O alcalde repite que non está no uso da palabra, e faille unha segunda advertencia.

O Sr. Eiroa Ameijenda di "viva Franco" e dille que apunte.

O alcalde dálle a opción de que retire esa expresión porque estamos nunha democracia.

O Sr. Eiroa Ameijenda rise e dille que non a retira, que apunte aí.

O alcalde chámalo á orde por segunda vez, con indicación de que ao terceiro aviso será expulsado. Pide desculpas polas interrupcións ao Sr. García Cotelo e pídelo que continúe.

O Sr. García Cotelo califica de increíble que hai uns meses 10 concelleiros asinaron unha moción de censura contra o alcalde e hoxe sexan os seus apoios e validen a súa forma de actuar e de tratar aos concelleiros da Corporación, aos que ningunea, non os chama á comisión, non fala con eles... E agora APIN e PP son os seus aliados? Igual acaban indo nas listas do PSOE. Non dá crédito ao que está pasando en Ponteceso, cando hai seis meses asinaron unha moción de censura contra o alcalde.

O alcalde pregunta se ten algo que dicir sobre o Plan social.

O Sr. García Cotelo di que está dicindo que é increíble o que está pasando neste concello. Votará que non á aprobación do Plan provincial porque non o chamou para explicarlle nada e nin sabe de que vai.

A Sra. Carrillo Aguiar pide a palabra por alusións. Afirmo que están aprobando o POS de Ponteceso para a veciñanza, que o Sr. García Cotelo non lle vai dar leccións de nada e dille que se coide de mirar en que lista vai el porque logo vira a chaqueta e o que está demostrando é que non lle interesan nada os veciños, só paralizar todo. Os veciños piden obras e que se fagan cousas, e o PP como representante do pobo quere que veñan cartos para Ponteceso. El marchou do PP porque quixo, ninguén o botou, así que déixese de dar leccións que non é o máis indicado para facelo.

O alcalde dille ao Sr. García Cotelo se desexa pedir a palabra por alusións.

O Sr. García Cotelo di que non.

O Sr. Santiago Lema pide a palabra e di que non vai ser cómplice das trapalladas que fixo o alcalde e máis os que o apoian, e antes de abandonar o salón de plenos pídelo a secretaría que lle devolva un papel que lle dou de máis da moción. Marcha dicindo que non lle vai lamber o cú a ninguén.

O alcalde pide que conste na acta o que acaba de dicir de lamber o cú, porque é unha expresión malsonante e impropia dun pleno.

Nese intre abandonan o salón de plenos os concelleiros non adscritos Sra. Fondo Pérez, Sr. Eiroa Ameijenda, Sr. Gómez González e Sra. Pérez Imía.

O alcalde pídelle á policía que os concelleiros que acaban de marchar abandonen a Casa do Concello porque están facendo ruído.

A voceira do G.M. do PSdeG-PSOE pide o apoio do pleno para que saia adiante este POS. Explica que os concelleiros non adscritos foron convocados por correo electrónico e nin asistiron á reunión nin se excusaron. Houbo negociación aínda que agora algunha razón buscan para dicir que non. Acusa aos non adscritos de ter o único obxectivo de botar ao alcalde, mentras que os grupos políticos de APIN e PP miran polos veciños, esa é a súa responsabilidade.

Ante os aplausos do público, o alcalde pídelle que garden silencio.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 1 do G.M. APIN)

Votos en contra: un (Sr. García Coteló)

Abstencións: ningunha

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

6º. Recoñecemento e apoio da Vía Céltica como camiño de peregrinación a Santiago

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: recoñecemento e apoio da Vía Céltica como camiño de peregrinación a Santiago.

O 27 de novembro de 2021 o Coengo Delegado de Peregrinacións da Catedral de Santiago acordaba en nome do Cabildo Compostelano o recoñecemento oficial da Igrexa para o histórico camiño de peregrinación a Santiago desde os portos da Costa da Morte e de Bergantiños pasando por Portomouro: a denominada “Vía Céltica”, que recibe o seu nome do antigo condado ou “*comisso de Celticos*”, polo que transcorre.

A Vía Céltica ten un tramo común entre Santa María de Paramos (Val do Dubra) e Santiago de Compostela (de 20 km), superando o río Tambre a través da ponte de Porto Mouro, e dous grandes ramais que vertebran todo un territorio: o camiño marítimo desde os portos de Bergantiños, que chega a Paramos desde Laxe, Ponteceso, Corme, Barizo, Malpica ou Caión; e o camiño marítimo desde a ría de Camariñas e Muxía, que chega a Paramos desde os portos de Camariñas, Ponte do Porto, Santiago de Cereixo e Muxía, cunha variante que sigue os pasos da *Translatio* por Fisterra, Corcubión e Cee.

Para obter a Compostela, os peregrinos deben realizar unha ruta de cada un dos dous ramais principais da Vía Céltica. Isto é: percorrer o camiño a Santiago partindo desde algún dos portos de Bergantiños (Caión, Malpica, Laxe, Ponteceso, Corme ou Barizo) e realizar o camiño desde algún dos portos da Costa da Morte (Camariñas, Ponte do Porto, Santiago de Cereixo, Muxía, Fisterra, Cee ou Corcubión). Alternativamente, poderán percorrer a Vía Céltica por apenas un dos ramais para obter a Compostela aqueles peregrinos que cheguen a calquera deste portos por vía marítima e teñan navegado a vela un mínimo de 100 millas náuticas ou aqueles que acrediten ter realizado a distancia restante para completar os 100 km en itinerarios xacobeos recoñecidos nos seus países de orixe antes do inicio do camiño desde estes portos.

A oficialidade deste itinerario xacobeo permite que os peregrinos que o percorran poidan recibir a prezada “Compostela”, que expide a Catedral. Non obstante, tamén implica unha enorme responsabilidade para os concellos polos que transcorre o camiño, como o noso, que non só deben facilitar a experiencia dos peregrinos que queiran descubrir esta vía (mediante unha adecuada sinalización das rutas, a indicación dos

lugares de pousada e outros servizos ou a conservación e divulgación dos elementos patrimoniais e históricos presentes ao longo do seu percorrido), máis tamén dinamizar o tecido local para que non deixe pasar esta oportunidade de dinamización económica e cultural.

Polo anterior, esta Alcaldía presenta para a súa aprobación polo Pleno, os seguintes **ACORDOS**:

1. Recoñecer a “Vía Céltica” como camiño de peregrinación a Santiago dentro do termo municipal e adoptar o compromiso do Concello de velar pola súa protección, conservación, estudo, divulgación e dignificación.
2. Manifestar o compromiso do Concello a utilizar todos os medios materiais e humanos dos que dispón para a consecución dos obxectivos expresados no punto anterior, así como á procura activa do financiamento adicional que sexa necesario para o seu mellor desenvolvemento.
3. Expresar o agradecemento a todas as persoas e entidades que fixeron posible a recuperación desta vía de peregrinación, ofrecendo asimesmo o seu apoio a todas os colectivos locais que desexen implicarse na posta en valor e aproveitamento do camiño ao seu paso polo noso Concello.

Ponteceso, 2 de febreiro de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A voceira do PP di que non teñen nada que obxectar, está ben.

APIN tamén declina intervir.

O alcalde di que é unha proposta da Costa da Morte unida, que nace en Santa Comba. É basicamente a mesma proposta que se vai someter a pleno nos outros concellos.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 1 do G.M. APIN)

Votos en contra: ningún

Abstencións: un (Sr. García Cotelos)

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

7º. Modificación da composición das comisións informativas.

Consta a proposta da alcaldía, ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, que no seu literal di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: composición das comisións informativas do Concello de Ponteceso.

Expte. 2021/X999/000619

Visto o acordo adoptado no pleno de organización celebrado o 01-07-2019 respecto da creación, composición e formación das comisións informativas:

- Comisión Informativa de Asuntos Xerais
- Comisión Especial de Contas

Preside o alcalde e están formadas por seis vogais: 3 do PSdeG-PSOE, 2 do PP e 1 de APIN

Na mesma sesión tómase coñecemento dos grupos políticos municipais, que son os seguintes:

- Grupo municipal do PsdeG-PSOE, con oito membros
- Grupo municipal do PP, con tres membros
- Grupo municipal de APIN-SON, con dous membros

Na sesión celebrada en data 04-02-2021 douse conta da expulsión do grupo municipal do PsdeG-PSOE dos concelleiros Raquel Fondo Pérez, Ana Pérez Imia, Faustino Santiago Lema, Miguel Ángel González Gómez e Salvador Eiroa Ameijenda.

Consta acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 29-03-2021 de modificación da composición das comisións informativas, que quedan da seguinte maneira, aplicando o voto ponderado:

- Preside o alcalde (valor do voto: 23,07%)
- Vogais: 1 PP (23,07%), 1 APIN (15,38%), 5 concelleiros non adscritos (7,69%)

Na sesión plenaria celebrada o 01-12-2021 douse conta do pase a condición de concelleiro non adscrito de José Daniel García Cotelo, que deixa de formar parte do grupo municipal do PP.

Consta providencia da Alcaldía, de data 09-12-2021, na cal se solicita a esta Secretaría *informe sobre a nova composición das Comisións Informativas e a incidencia nas votacións polos cambios producidos pola baixa do concelleiro precitado no Grupo Municipal do Partido Popular e o seu pase a concelleiro non adscrito.*

Foi emitido informe pola secretaria en réxime de acumulación de funcións en data 11-01-2022, que foi remitido a tódolos membros da Corporación.

Tendo en conta a proposta de composición das comisións informativas formulada no citado informe xurídico, elevo ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Modificar a composición das comisións informativas, quedando do seguinte xeito:

- Presidente: o alcalde (ex artigo 125 do ROF)
- Vogais:
 - 1 concelleiro/a do grupo municipal do PsdeG-PSOE
 - 1 concelleiro/a do grupo municipal do PP
 - 1 concelleiro/a do grupo municipal APIN-SON
 - 3 concelleiros/as non adscritos/as

SEGUNDO.- Acordar que as notificacións e posta a disposición da documentación que integre os expedientes que se sometan a informe/ditame da comisión informativa, sexan remitidos por medios electrónicos aos seus membros a través da plataforma habilitada ao efecto polo Concello de Ponteceso.

TERCEIRO.- Requirir aos grupos municipais, así como, aos concelleiros/as non adscritos/as, que procedan á identificación dos/as concelleiros/as designados como titulares e, no seu caso, suplentes nas distintas comisións, de conformidade co artigo 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Ponteceso, a 2 de febreiro de 2022.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A voceira do PP di que non van ir en contra do que propoña a Secretaría porque ela é a que sabe.

APIN declina intervir.

O Sr. García Cotelo di que é membro non adscrito, non pertence a ningún grupo político. A secretaria di aquí que hai que nomear a 3 membros non adscritos e pregunta quen vai decidir eso. Por eso ve lagoas nisto. Non quere ter máis dereitos que cando estaba nun grupo, pero tampouco quere estar sen ningún. Se non asiste ás comisións, como pasou, está privándoo dos seus dereitos. Se lle explica poderán chegar a un acordo, se non o fai el votará en contra e chegarán aos tribunais.

A voceira do grupo socialista di que ela tampouco está na comisión e o seu grupo ten un presidente, pero ningún representante.

O alcalde di que esta proposta é conforme co informe da Secretaría. Calquera cidadán pode recorrer este acordo, está no seu dereito pero destaca que está en liña co informado pola secretaria.

Non se producen máis intervencións.

Sométese a votación o ditame da Comisión, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: seis (3 do G.M. PsdeG-PSOE, 2 G.M. do PP e 1 do G.M. APIN)

Votos en contra: un (Sr. García Cotelo)

Abstencións: ningunha

Queda aprobado o ditame da Comisión, elevándose a acordo nos seus propios termos.

PARTE DE CONTROL

8º. Dación de conta das resolucións da Alcaldía, desde exp: 2021/G003/000815 do 29-11-2021 ata exp: 2022/G003/000096 do 04/02/2022.

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta ós concelleiros das Resolucións da Alcaldía desde exp: 2021/G003/000815 do 29-11-2021 ata exp: 2022/G003/000096 do 04/02/2022, que estiveron a disposición dos concelleiros dende a data de convocatoria do pleno.

O Pleno dáse por enterado.

9º. Mocións

A secretaria di que lle deron antes unha pero ese concelleiro non está, entende que obviamente non se vai tratar.

10º. Rogos e preguntas

10.1. Rogos e preguntas de APIN

1ª pregunta:

“José Manuel Pose Verdes, concelleiro de APIN-SON no concello de Ponteceso

PREGUNTA

Ao Sr. Alcalde para que responda no Pleno Ordinario do día 10 de febreiro de 2022 o seguinte:

Vostede informou ao Pleno que o kiosko que estaba instalado na Praza do Recheo e que foi retirado con motivo da remodelación da mesma e depositado nun espazo de almacenamento dunha empresa foi entregado por cvstede a alguén que se presentou no Concello cunha orde xudicial. Falou vostede que a empresa que levaba a concesión dera en quebra.

Solicitouse dito documento xudicial e ata o momento non temos resposta, o que si recibimos, non sen problemas, é a copia da factura pola que o Concello mercou dito Kiosko pola cantidade de 4.775.679 pesetas (28.702,41€).

Esto quere dicir que o kiosko é propiedade do Concello e debería estar rexistrado no rexistro de bens do Concello.

A pregunta é clara e sinxela.

Donde está esa orde xudicial? Se existe, como secretaría e intervención non lle informaron sobre a propiedade de dito kiosko e e si vostede entregou dito kiosko sen máis, entendo que hai responsabilidades pola súa parte que se deben aclarar.

Ponteceso, 9 de febreiro de 2022.

Asdo. José Manuel Pose Verdes”

O alcalde cre que o concelleiro se refire a un quiosco da asociación de minusválidos que estaba na praza do Recheo. Retírouse cando o Sr. Pose Verdes era concelleiro de obras e el como alcalde non sabía do asunto. Non se atopou expediente de adquisición do quiosco, nin convenio nin nada. Hai unha factura do ano 2000 pero sen expediente. Non sabe a que ven agora traer este tema ao pleno. A asociación entrou en concurso de acredores e o administrador concursal ten unha relación detallada de todos os bens.

1ª rogo:

“José Manuel Pose Verdes, concelleiro de APIN-SON no concello de Ponteceso

ROGA

Ao Sr. Alcalde que informe da situación na que se atopa a concesión do Parque Eólico Singular do Concello, cal é a data de remate de dita concesión, estudar a posibilidade de rescate da mesma e propoñer a repotenciación do mesmo para que os beneficios redunden directamente nos veciños e veciñas de Ponteceso.

Ponteceso, 9 de febreiro de 2022.”

2º rogo:

“José Manuel Pose Verdes, concelleiro de APIN-SON no concello de Ponteceso

ROGA

Ao Sr. Alcalde que informe ao pleno sobre a situación do SAF.

Ponteceso, 9 de febreiro de 2022.”

10.2. Rogos e preguntas do PP

O alcalde dille ao Sr. Pose Verdes que está expulsado, deixáronlle estar pero se non interrompe.

O Sr. Pose Verdes dille ao alcalde que se acorde do que fixo hoxe.

A Sra. Marta Carrillo formula as preguntas:

1ª. No ano 2020, o Sr. Alcalde, Lois García Carballido, aparece na prensa vendendo a inminente ampliación do polígono industrial de Tella. Ata chegou a ir a Madrid acompañado do seu asesor persoal José Souto Mesura, máis coñecido por Ferreiro. Queremos saber: en que estado se atopa todo iso? Como está esa tramitación?

*2ª. A Xunta de Galicia daba unhas axudas de 300.000 euros destinadas para á realización de centros de día **PÚBLICOS** da que se beneficiaron concellos como o de Malpica de Bergantiños. Outra vez o Sr. Alcalde sae nos medios de comunicación vendendo a bombo e platillo, a construción dun centro de día **PRIVADO** para os nosos maiores, o que suporía a calquer usuario cunha pensión normal que quixera acceder, un prezo moito máis caro e complexo de poder asumir. Sorpréndenos que un alcalde socialista non queira apostar polo público. Que foi de todo isto?*

3ª. No Plan Xeral de Ordenación Municipal, aparece un terreo destinado a aparcadoiro para uso do Concello. Pode o Sr. Alcade explicar por que non se leva a cabo?

4ª. O vecinos de Ponteceso quéixanse da tardanza en dar unha licenza de obra. Gustaríanos saber si a do Sr. Alcade tardou tanto como a do resto de pontecesáns e que normativa usou para a colocación dun contedor de obra nunha praza de minusválidos?

5ª. O alcalde que tanto presume de que aposta polo rural para que veñan a vivir familias as nósas aldeas, en xullo do ano 2021, desarmaou un parque infantil na aldea de Langueirón o cal no tempo que leva o Sr. Carballido como alcalde nunca se molestou por mantelo en bo estado. Ten pensado repoñelo? No caso de non, a que vai adicar esa área agora baldeira?

10.3. Rogos e preguntas do concelleiro non adscrito Sr. García Coteló

Sinala que lle ten que responder as preguntas presentadas por escrito no anterior pleno, que levantou a sesión sen respondelas. Se non as ten, di que empeza cos rogos.

1º. Rogo en relación co parque eólico de Corme: que se lle faga chegar os acordos do concello coa empresa EDP Renovables España SLU sobre o parque eólico de Corme á maior brevidade posible:
- convenio ao que se alude na resolución de data 243/2018 polo que se aproba un borrador de convenio de cesión no parque eólico de Corme

- 2º convenio ao que se alude na resolución do 23-08-2018

- 3º convenio con data 06-02-2019

- un convenio suscrito con data aproximada 13.04.2019

Agora vai coas preguntas:

1ª. Por que oculta aos veciños de Ponteceso os acordos asinados coa empresa EDP Renovables España SLU?

2ª. A licenza de obra de desmantelamento do parque eólico de Corme posee todas as autorizacións preceptivas e previas para poder outorgarse?

3ª. Despois de contestar as dúas preguntas anteriores, cando pensa dimitir?

O alcalde quere rematar o pleno agradecer sinceramente os votos que permitiron que Ponteceso vaia ter POS este ano. Está moi satisfeito polos veciños e veciñas, que se merecen de verdade que teñan obras e recursos este ano. As obras tendo recursos van poder facerse todas. Non vai erguerse aplaudirilles pero síntese moi satisfeito por ter ese voto favorable. E aos que intentaron que non se aprobara, dálles as grazas tamén.

Non habendo máis asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo ás 21 horas e 17 minutos do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, de todo o que dou fe, como secretaria, asinándoa xunto co Sr. Alcaldé.

O Alcalde-Presidente

A secretaria en réxime de acumulación

Xosé Lois García Carballido.

M.ª. Cristina Varela García